



NON

á violencia
de xénero

AXUDAS AO ENSINO E AO TRANSPORTE DO CONCELLO DE VEDRA

■ Aprobada a convocatoria das axudas ao ensino e ao transporte do Concello de Vedra pola Xunta de Goberno Local para o curso 2022/2023.



O prazo de presentación de solicitudes será publicado no BOP e daremos conta del nos medios de difusión municipais.

Así mesmo toda a información das bases reguladoras das ditas axudas atoparala na web municipal www.concellodevedra.gal e na Sede Electrónica.

Consultas e dúbidas no teléfono 981 814 693.

PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DE VEDRA

■ Dispoñible na web municipal a enquisa de percepción da situación actual para a elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vedra.

...se es de Vedra,
...se vives en Vedra,

...Empadrónate
en Vedra!!



Concello
de Vedra

NOVEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

XESTIÓN TRIBUTARIA

■ Notificación electrónica de tributos e outros ingresos de dereito público.



A Deputación Da Coruña por medio dun convenio con Correos, ofrece a posibilidade de realizar o pagamento dos tributos e outros ingresos de dereito público nas propias oficinas de Correos, moitas con apertura os sábados e mesmo domingos. Cun custo de 1,95 € por operación.

Así como, en cumprimento da Lei 39/2015, no ámbito dos procedementos tributarios, as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica, no ámbito dos procedementos tributarios e doutros ingresos de dereito público que xestiona, substitúe as notificacións en papel polo sistema de notificación electrónica, de tal xeito que os mencionados suxeitos serán notificados por comparecencia na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) e a través do servizo de notificacións electrónicas da Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHÚ) (<https://dehu.redsara.es>).

As persoas físicas non obrigadas poderán subscribirse voluntariamente a este sistema a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) desta Deputación. (<https://ovt.dacorua.gal>).

Para máis información, poderá poñerse en contacto cos Servizos Tributarios da Deputación a través de correo electrónico, na dirección atencion.tributaria@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono gratuito 900 132 204.



Charla sobre nutrición e hábitos saudables da enfermeira pediátrica Eva Santos Miranda e a residente de pediatría Ana Suárez Casal.



Participación de xóvenes de Vedra nun intercambio europeo cerca de Verona (Italia) "Independence by culture", xunto con mocidade de Polonia e Italia.



Celebración do Día do Camiño dos Concellos de Vedra e Boqueixón coa Asociación de Municipios Camiño de Inverno.



Inauguración da Mostra Quentiños da Forxa da Fundación Francisco Lareo A Solaina de Piloño en Vedra.



Presentación da colección de acuarelas Bailarinas da veciña vedresa Cristina Corral.



Reunión informativa e formativa do voluntariado senior do Concello de Vedra.



Sesión de Bingo na 3ª Idade de Vedra.



Visita da directora xeral de Xuventude para presentar en Vedra a axuda talento interxeracional.



Estancia da ITV Agrícola Móbil en Vedra.



Curso de autodefensa para mulleres, dentro da programación "Mulleres+".

ASÍ FORON AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS



Momento do Cogomelar 2022 da Asociación AMABUL.



Momento do Cogomelar 2022 da Asociación AMABUL.



"Febra", curta gañadora do concurso A Fume de Carozo 2022.



Foto de familia cos e cas participantes no Concurso LAV.mov 2022.



Obradoiro infantil sobre xoguetes ópticos do cinema dentro do LAV.mov.



LAV.mov 2022 da Asociación Senunpeso. "Fillo", premio do público do concurso A Fume de Carozo 2022.



Duatlón de Vedra 2022 do Club Olímpico de Vedra.



Duatlón de Vedra 2022 do Club Olímpico de Vedra.



Acuxuve está a desenvolver unha Iniciativa Xove que conta co apoio da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Vedra. Leva por nome Asociadas +, e ten por obxectivo visibilizar o labor das mulleres no movemento asociativo vedrés. Para iso realizaron accións de formación audiovisual, sesións de grabación, montaxe...



De Interese



VOLVEN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS!!!

■ Como cada final de ano o alcalde propón xuntanzas coa veciñanza en cada unha das doce parroquias

de Vedra para tratar temas de interese xeral. Esta é a axenda das ditas reunións:

DATA	LUGAR	HORARIO
Martes 8 de novembro	Casa da Cultura Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 horas
Xoves 10 de novembro	Local Social de San Xián	Ás 20:30 horas
Martes 22 de novembro	Centro Socio-cultural de Vedra	Ás 20:30 horas
Xoves 24 de novembro	Local Social de Illobre	Ás 20:30 horas
Martes 29 de novembro	Local Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Luns 12 de decembro	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Martes 20 de decembro	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Xoves 22 de decembro	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas
Martes 27 de decembro	Local Social de San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves 29 de decembro	Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón	Ás 20:30 horas
Martes 10 de xaneiro	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves 12 de xaneiro	Local Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas



DE CARA AO NADAL... CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2022

■ Como cada ano, o Concello de Vedra felicitará o Nadal á súa veciñanza. Farao a través da tarxeta gañadora dunha nova edición deste concurso, que lles propón aos seus escolares un debuxo que represente o que para cada un significan estas datas.

Requisitos:


- Estar empadroadado/ empadroadada ou escolarizado/a en Vedra.
- Ter ata os 12 anos inclusive ou estar cursando 6º de Primaria.

- Presentar o teu traballo ben no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou en calquera dos centros escolares de Vedra.

Prazo de presentación aberto ata o 2 de decembro ás 14:00 horas.


Podes consultar as bases do concurso na web municipal ou no propio departamento de Cultura do Concello de Vedra.

Dúvidas e consultas no teléfono 981814691



A ESTACIÓN CULTURAL

■ Presentamos un novo proxecto que pretende dotar dunha nova identidade cultural e visual ao espazo da estación, para que se converta nun lugar de referencia para veciños e veciñas do concello de Vedra, pero tamén para os habitantes da comarca que queiran crear novas identidades de pertenza.



**A —
Estación
Cultural**

A presente iniciativa ten como obxectivos xerais:

- Incrementar a actividade cultural no territorio, e activar procesos culturais, tratando de afondar nos vínculos individuais e sociais deste concello rural.
- Reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural vedrés como ferramenta de cambio, dinamización e transformación social.
- Promover a inclusión e a estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural.

Estrutúrase en tres accións:

LABORATORIO DE IDEAS E INNOVACIÓN CULTURAL

■ O laboratorio de ideas e innovación no ámbito cultural é un espazo onde se abordará a colaboración directa entre o tecido empresarial local, o tecido asociativo local e as institucións, mediante proxectos concretos que se xestionen desde o seu deseño ata a súa posible posta en marcha.



**Laboratorio
de Ideas**

As accións a desenvolver serán:

- Contacto e xuntanzas co tecido asociativo e empresarial do ámbito cultural que desenvolvan actividade no concello de Vedra.
- Servizo de asesoramento gratuito para a creación e posta en marcha de proxectos, produtos e servizos culturais.
- Formación das persoas promotoras de ideas ou iniciativas.
- Creación dunha rede de traballo de colaboración.

As ideas xurdidas do laboratorio teñen como finalidades principais: xerar impacto social e económico no concello e axudar no desenvolvemento do talento no ámbito cultural.

Para máis información, podedes contactar co 981 512 244, 600 425 016 ou en aestacion@concellodevedra.gal

ESTUDO DE RADIO E PODCAST

■ Consiste na creación dun estudo de radio e podcast onde se poida, por un lado, xerar contidos, e por outro, realizar talleres formativos de produción onde os e as participantes poidan contar en primeira persoa as cousas que viven e o que lles pasa. Trátase de xerar unha ferramenta dinamizadora con moitas posibilidades de difusión e impacto.



**Radio
e Podcast**



CULTURA NA NAVE: FESTIVAIS

■ Acolle un ciclo de 5 festivais a desenvolver na Nave da estación de novembro a marzo. Cada festival abordará unha temática específica que será transversal ao contexto no que vivimos e busca divulgar e xerar pertenza para co espazo. Os festivais contarán coa presenza de grupos, artistas e entidades locais e grupos e artista recoñecidos a nivel galego de diferentes estilos musicais, co obxectivo de dinamizar e realizar un intercambio cultural.



Cultura
na Nave

PROGRAMACIÓN DE NOVIEMBRE E DECEMBRO:

MEMORIA

19 novembro: Nave da Estación

17:30 h. Mesa de experiencias sobre a memoria colectiva vedresa: Programa de radio.

Exposicións: "Gundián, achegamento a unha paisaxe natural e humana". "Coplas Ulláns". Asociación Raiceiros.

19:00 h. Concerto corais:

Coro Leticia de San Xian

Coral da Terceira Idade de Vedra

Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla



20:30 h. Concerto: Sheila Patricia Magosto

20 novembro

10:00 h. Ruta polo patrimonio oculto de Vedra.

Máis información e inscricións: casadospeons@concellodevedra.gal ou no Tf.: 981 814 691.

TRADICIÓN

3 decembro: Nave da Estación

18:00 h. Apertura da Feira de artesanía.

18:30 h. Mesa de experiencias sobre tradicións locais: Programa de radio.

19:30 h. Obradoiro de baile tradicional con Marcos Botana.

20:30 h. Concertos:

Porembela

Os da Porfía

A Requinta da Laxeira

Ao remate foliada libre.

4 de decembro: Nave da Estación

12:30 h. Feira de artesanía.

Espectáculo infantil: "Mago Noel".

13:15 h. Sesión vermú con:

A Gaita de Sarandón

Grupo de baile "Os Campiños".



Educación

VEDRA MEDRA O CAMIÑO TAMÉN DA XOGO!

■ Comezamos a andaina este 2022-23 repetindo camiñadas pola Vía da Prata aínda que esta vez traballaremos asociada a temática do xogo popular e tradicional galego. A iso responde a escolla dun lema coma *O Camiño tamén dá xogo!* que nos identificará ao longo de todo o curso. De todos é sabido que Galicia ten un patrimonio lúdico significativo en número e cun elevado nivel de conservación. E dende *Vedra medra* queremos aprender sobre o xogo, xogando, coas avoas e os avós da nosa rapazada e saber daqueles xoguetes que formaron parte da súa nenez.

O Camiño tamén dá xogo! está inscrito no programa de innovación educativa PROXECTA + "Vexo, veo Xa-

cobeo" promovido desde a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo Axencia de Turismo-S.A.de Xestión do Plan Xacobeo.

Entre as primeiras actuacións, que estamos xa a desenvolver, figuran un obradoiro de radio e a recepción da instalación interactiva Vía da Prata co seu xogo de habilidade sobre o roteiro. Agardamos tamén con ansia a mañá do 11 de novembro (celebración do Magosto) que virá con castañas, pero chea de xogos para todas as idades e de tipoloxía diversa (populares e malabares, de mesa, tradicionais). E, claro está, seguimos programando saídas didácticas para achegar o noso alumnado á Vedra patrimonial.

A ESTACIÓN CENTRO DE EMPRENDIMENTO

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDIMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022 CURSOS GRATUITOS

Como crear un establecimiento turístico singular?

Contidos: Estratexias de diferenciación no ámbito turístico.
Dirixido a: Empresas, profesionais e emprendedor@s do sector turístico.
Impartido por: PQIAR Consulting (Nidos de Carnota, O Semáforo de Fisterra, Mamá Celia...)
Data: 15 de novembro, de 10 a 12 h. Almorzo de traballo.



Que facer (e non facer) para mellorar a atención ao cliente no meu negocio

Contidos: Como comunicarse co noso cliente. Mitos. Novas formas de atención.
Dirixido a: Empresas, profesionais e público en xeral.
Impartido por: Ania Alonso (xerente aloxamentos, consultora turística Q calidade)
Data: 22 de novembro, de 10 a 12 h.



Venda de viños: a exportación como oportunidade de negocio

Contidos: Mercado do viño, realidade e perspectivas da exportación. Requisitos para comercializar. Oportunidades de negocio.
Dirixido a: Empresas e profesionais do sector vinícola.
Impartido por: 76export.com
Data: 23 de novembro, de 18 a 20 h.



Información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44,
667 905 330 ou en aestacion@concellovedra.gal



A ESTACION CENTRO DE EMPRENDIMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022 VISITAS FORMATIVAS

A partires de novembro, está previsto programar unha serie de viaxes formativas, dirixidas a sectores clave do Concello. Visitaranse lugares onde descubrir boas prácticas en ditos sectores.

Sector vitivinícola (Ribeira Sacra)

Experiencias innovadoras de pequenas empresas relacionadas co viño.



Sector turístico (Ría de Muros-Noia e Costa da Morte)

Propostas diferenciadoras no ámbito turístico (aloxamento, restauración).



Máis información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44,
667 905 330 ou en aestacion@concellovedra.gal



A ESTACION CENTRO DE EMPRENDIMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022 CURSOS GRATUITOS

Competencias clave para o traballo

Contidos: Manexo de competencias transversais que permitan traballar na realidade laboral e non na teoría. Saber abordar situacións dentro da contorna de traballo.
Dirixido a: Emprendedor@s e público en xeral.
Impartido por: A Estación Centro de Emprendemento
Data: 14 ao 18 de novembro, de 10 a 14 h.



Comunicación de Pemes na contorna dixital (in / out)

Contidos: Transición do mundo analóxico ao dixital. Como facer campañas de comunicación. A colaboración entre Pemes en materia de comunicación dixital.
Dirixido a: Empresas, profesionais e emprendedor@s.
Impartido por: Mediatiza
Data: 21 e 24 de novembro, de 20 a 22 h.



Showcooking "Tapas creativas"

Contidos: Elaboración de aperitivos e tapas innovadoras.
Dirixido a: Empresas e profesionais da hostelería.
Impartido por: Diego Couto (A Ostrería)
Data: 28 de novembro, de 18 a 20 h.



Información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44,
667 905 330 ou en aestacion@concellovedra.gal



Emprego + Muller

PROGRAMA MULLER RURAL 2022-2023 CURSO DE COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS

■ Chega a Vedra esta proposta para a "Mellora das capacidades dixitais para persoas desempregadas para impulsar o emprendemento e o desenvolvemento rural e reducir a brecha de xénero" con fondos que proveñen da Unión Europea no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O programa "Muller Rural 2022-2023" ten por obxectivo formar a mulleres desempregadas ou en melloira de emprego que residan preferentemente en poboacións inferiores a 30.000 habitantes en accións formativas para a adquisición de competencia dixital.

Un segundo obxectivo do programa é dotar ás participantes dun terminal dixital ao finalizar a formación.

CURSOS GRATUITOS EN COMPETENCIAS DIXITAIS PARA MULLERES

XORNADA PRESENTACIÓN

VEDRA

08/11/22 ÁS 11:00H.

NA BIBLIOTECA MUNICIPAL- AV. MESTRE MANUEL GÓMEZ LORENZO, 15

AO REMATE, LEVA UNHA TABLET DE REGALO

Leva a túa demanda de emprego ou de mellora de emprego e o DNI OU NIE

INFÓRMATE

TELÉFONO: 621-180-897

WWW.MULLERDIXITAL.GAL

promotor5@mullerdixital.gal

COLABORA:



Que teño que facer?

Chamar ao 981 814 691 ou escribir a cultura@concellovedra.gal e inscribirte neste programa antes da xornada de presentación do curso.

En que consistirá?

Nunha formación de 40 horas en 10 sesións de 4 horas cada día.

Que consigo?

Un título homologado pola Xunta nesta materia e a túa propia tableta!

A sesión de presentación do curso será o día 8 de

novembro ás 11:00 horas na biblioteca de Vedra.

Olo!!! É obrigatorio ter a demanda de emprego activa a día de inicio da formación.



Medio Ambiente



CHARLAS SOBRE A XESTIÓN DOS BIORESIDUOS EN VEDRA

■ O Concello desenvolverá charlas informativas sobre a nova lei de bioresiduos que será de obrigado cumprimento para a veciñanza.

NOVA LEI DE RESIDUOS
De obrigado cumprimento para toda a poboación

**Asiste na data que mellor che conveña!
Non o perdas! O medio ambiente e a túa economía agradecerano!**

Local Social de San Xián
🌿 Venres 2 de decembro ás 21:00 h.
🌿 Sábado 3 de decembro ás 12:00 h.

Casa da Cultura de Santa Cruz
🌿 Venres 9 de decembro ás 21:00 h.
🌿 Sábado 10 de decembro ás 12:00 h.

Centro Sociocultural de Vedra
🌿 Venres 16 de decembro ás 21:00 h.
🌿 Sábado 17 de decembro ás 12:00 h.

XUNTA DE GALICIA Concello de Vedra

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DO CONCELLO DE VEDRA

■ O concello de Vedra volve a lanzar o Programa de Compostaxe doméstica que tan boa acollida tivo en edicións anteriores e para iso solicitou 50 novos composteiros a SOGAMA a fin de entregalos noutras tantas vivendas unifamiliares con terreo (horta xardín ou terras de cultivo) no que aplicar o compost resultante, pechando o círculo de aproveitamento da materia orgánica e contribuíndo deste xeito á economía circular.

En etapas anteriores deste programa, Vedra xa recibiu 200 composteiros de SOGAMA, que sumados aos solicitados agora fan un total de 250. Isto quere dicir que 250 fogares deste municipio practican a autocompostaxe e están a contribuír a poñer en valor a materia orgánica, ademais de diminuír a cantidade de lixo a depositar no contedor verde convencional.

Se non participaches nas campañas anteriores e estás interesado en facer compost na túa casa podes solicitar un composteiro chamando ao teléfono 981814612. Contamos con un número limitado, polo que a reserva farase por orde de inscrición.





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Encontro interxeracional de xogos populares no CPI de Vedra.** Venres 11 de novembro pola mañá.
- **Circuito termal nas Termas de Outariz.** Luns 14 de novembro. Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)
Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 4 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adjudícanse por rigorosa orde de inscrición).
- **Charla informativa sobre a factura eléctrica e os novos conceptos**
Imparte: Persoal técnico da Asociación de Consumidores de A Estrada; subvencionado



Excursión da 3ª Idade de Vedra polo Salnés.

- polo Instituto Galego de Consumo e da Competencia.
Xoves 17 de novembro ás 20:00 h.
- **Bingo**
Xoves 24 de novembro ás 20:00 h.

- **Campionato de brisca**
Ao longo de novembro e decembro.
Inscrición na cafetería entre o 3 e o 11 de novembro.

LUDOTECA

■ Dende o ano 1989 celébrase a conmemoración do Día Universal dos Dereitos da Infancia o 20 de novembro. É un día de alegría e tamén de pensar e reflexionar sobre a situación e a participación da infancia no noso Concello.

Este ano colocámonos as lentes de xénero para reflexionar sobre se os dereitos dos nenos e as nenas se cumpren do mesmo xeito e desterrar algúns mitos sobre que poden e non poden facer homes, mulleres, nenos e nenas. Dende o proxecto Conxuga seguimos a traballar na educación para a corresponsabilidade e a igualdade a través de todas as actividades que desenvolvemos na actividade lúdica e a través do xogo. Iniciamos o proxecto "Cambiar o xogo, cambiar o mundo". Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro musical.
- Obradoiro de habilidades sociais, como pedir axuda.
- O Magosto
- Xogos reunidos

- Xincana: "Os dereitos dos nenos e nenas"
- SuperChef
- Contacontos: "Os dereitos dos nenos e nenas" e "contacontos contra a violencia".

Para calquera información poñerse en contacto no tf.699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



A ludoteca en outubro



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



Concello
de Vedra



VEDRA NO 25N

■ O 25 de novembro celébrase o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, coa finalidade de visibilizar a violencia contra as mulleres e nenas a nivel mundial.

A data deste **Día Internacional da Violencia contra a Muller** foi elixida para honrar a memoria das irmás Mirabal, tres activistas políticas da República Dominicana que foron brutalmente asasinadas en 1960, por orde do ditador dominicano Rafael Trujillo.

A violencia contra as mulleres e nenas maniféstase de forma física, sexual e psicolóxica, e inclúe os seguintes supostos:

- Violencia física, malos tratos psicolóxicos, violación conxugal, femicidio.
- Violación, actos sexuais forzados, insinuacións sexuais non desexadas, abuso sexual infantil, matrimonio forzado, acoso rueiro, acoso cibernético.
- Trata de seres humanos, escravitude, explotación sexual.
- Mutilación xenital feminina.
- Matrimonio infantil.



A poboación feminina é vulnerable de sufrir violencia de xénero, especialmente as nenas e as mulleres maiores, mulleres pertencentes á comunidade LGBT, as migrantes e refuxiadas, as pertencentes a minorías étnicas, mulleres e nenas con VIH-Sida, discapacitadas e aquelas que habitan en países con crises humanitarias.

É de vital importancia pór fin a estas situacións de violencia, mediante a adopción de enfoques integrais e inclusivos que aborden as causas que o xeran, apoderando ás mulleres e ás nenas.

O primeiro paso para terminar con todas as formas de violencia contra as mulleres é sacala á luz, convertela no centro de atención para tomar conciencia e eliminala.

Por este motivo este ano, o Concello de Vedra realizará uns paneis informativos para dar a coñecer e sacar a luz todas as formas de violencias machistas, para saber recoñecelas, detectalas e facerlles fronte.

Que podes facer ante a violencia de xénero?

Pode ser alguén moi próximo a ti. Se sospeitas que alguén pode estar en perigo, asegúrate, pregúntalle se está a afrontar algunha dificultade con algunha persoa da súa contorna que involucre actos de violencia.

Infórmate sobre a violencia de xénero, coñece os servizos de axuda máis próximos. Se sospeitas que a vida dalgunha nena, muller ou a dos seus fillos corre perigo, contacta coa policía ou coas autoridades competentes.

Están operativos os servizos 24 horas de alerta da Garda Civil, a través dos teléfonos de emerxencias: 062 e 112. Se te atopas nunha situación de vulnerabilidade e risco extremos, non dubides en pedir axuda a través do 016.

A Xunta de Galicia dende a Secretaría Xeral de Igualdade presta atención ás vítimas dende o 900 400 273 as 24 horas, durante toda a semana.

O número 016 conecta cun servizo telefónico de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero. Trátase dun teléfono dirixido non só ás vítimas deste problema, senón a toda a sociedade.

Tanto as vítimas como as persoas que coñezan unha muller que estea a sufrir violencia machista poden chamar ao teléfono, que é gratuíto, anónimo e non deixa rastro na factura telefónica. Non só poden chamar ou poñerse en contacto as vítimas, tamén se anima á veciñanza a dar aviso se a muller en cuestión non pode facelo.

Tamén dende a Fundación contra os malos tratos poñen un teléfono a disposición de todas as mulleres: 900 100 009. Tamén podes contactar co Departamento de servizos sociais do teu concello no teléfono: 981 814 693 de luns a venres.

Ti podes facer a diferenza.

O Concello de Vedra, conxuntamente cos de Boqueixón e Touro, realizará unha actividade e campaña conxunta en torno a este día "Por min, por ti, por todas, no camiño da igualdade".

PROGRAMA “MULLERES +”

■ O programa Mulleres+, “Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra” continúa.

Esta acción formativa, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas, vai destinada ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral e a desenvolverse autonomamente nas xestións da vida cotiá.

O curso é gratuito

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com. Telf. 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.

Neste mes pasado realizouse un taller de autodefensa feminina impartido por Ruth Lorenzo.

No mes de novembro impartirase un taller de sexualidade en colaboración co CPI de Vedra, dirixido á mocidade de 2º e 4º da ESO impartido pola Sexóloga Estefanía Otero.



Iniciativas das Asociacións

CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR 2022 COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Lugar: Centro Sociocultural de Vedra

Programa:

O 5 de novembro ás 20:00 h.

- Rebuldeira Teatro de Sarria con “Fráxiles”

O 6 de novembro ás 18:00 h.

- Xs Papaventiñxs de Vedra con “Desastre Selvático” e o grupo infantil de Antas de Ulla con “D’Función”.

O 12 de novembro ás 20:00 h.

- Gargallada Teatro do Barco de Valdeorras con “Un desastre de función”.

O 13 de novembro ás 19:00 h.

- Fauna 113 de Vigo con “Os veciños do lado”



E TAMÉN COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS... XORNADA DE FORMACIÓN “PRINCIPIOS CREATIVOS DA COMEDIA”

■ Onde? No Centro Sociocultural de Vedra

- Cando? O domingo 20 de novembro
- Prezos? 10 € membros de FEGATEA-FETEACYL-TEIA, 15 € persoas non federadas.

- Data límite inscrición: O 6 de novembro.

- Inscricións ligazón:

<https://fegatea.gal/principios-creativos-da-comedia-dell-arte/>



PARA BELÉN ESTÉVEZ BARROS.

■ Polo seu primeiro posto na categoría de “cellas realistas” e o segundo lugar na categoría “ollos artísticos” no “Worldwide Eyebrow Festival”, o certame de maior prestixio a nivel internacional no sector da micropigmentación no que Belén é xa toda unha referencia. Seguro que estes premios, os primeiros que recibe co seu actual estudo en Santiago de Compostela, serán moi pronto acompañados por moitos máis.



PARA ALBERTO GARCÍA ALBELA

■ Pola súa medalla de bronce no Campionato de España de Hípica para Menores de 25 anos.

Onde o xinete vedrés de “Dos Lunas” tutelado polo olímpico Juan Manuel Muñoz, foi capaz de lograr no seu primeiro ano na competición este destacadísimo posto nunha competición tan esixente.



PARA MARÍA MENIÑO RENDO E TELMA LOZANO LÓPEZ

■ Dúas vedresas Campioas Galegas co Club Deportivo Ximnasia Rítmica Compostela.

María Meniño, a terceira pola esquerda na foto, acadou coas súas compañeiras o 1º Posto na Campionato Galego de Ximnasia Rítmica, celebrado en Ourense e que lles dá o pase ao Campionato Estatal que dispu-

tarán neste mes de novembro en Xerez. Moita sorte para elas!!

Neste mesmo campionato e igualmente nas filas do Club Deportivo Ximnasia Rítmica Compostela, a tamén vedresa Telma Lozano López convertiuse na Campio- na Galega en categoría alevín xunto á súa equipa.



Doble paraben na ximnasia rítmica.



Maria Meniño Rendo, terceira pola esquerda.



Telma Lozano López, segunda pola esquerda.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!